

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1.1 8678 (10/POC-003826)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre os datos referidos ao sacrificio de gando no Matadoiro municipal de Ourense nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, reflectidos na listaxe ou resumo mensual do libro de control sanitario que asina o Servizo veterinario oficial
Publicación da reconversión, BOPG n.º 243, do 19.01.2018
- 1.2 21870 (10/POC-003512)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre os programas que desenvolve a Xunta de Galicia para incrementar o consumo de leite nos centros de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 21874 (10/POC-003514)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.4 24435 (10/POC-004064)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio rural para evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.5 24526 (10/POC-004098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre os datos referidos á participación das mulleres do medio rural na

titularidade das explotacións agrarias e nas directivas das cooperativas entre os anos 2012 e 2017 e a avaliación do Goberno galego referida ao estudo realizado nos últimos anos en relación co impacto de xénero na programación, na xestión e no seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, así como as normas, os acordos, os proxectos subvencionados e as iniciativas de desenvolvemento rural postas en marcha para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

- 1.6 24531 (10/POC-004103)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a situación en que se atopa a industria Artesáns Galegos da Carne, o seu endebedamento actual coas cooperativas relacionadas e cos gandeiros a título individual, así como as medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para paliar esta situación, garantir o pagamento das cantidades pendentes e protexer, apoiar e defender os gandeiros afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.7 24638 (10/POC-004113)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a dispoñibilidade pola empresa Tragsa de permiso de cesión das instalacións públicas da base helitransportada de San Xoán de Río, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo labores de restauración nas zonas queimadas do distrito XIII, na comarca de Trives-Caldelas, mediante o método de "heomulching" ou acolchado con palla
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.8 25655 (10/POC-004220)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabarl en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018
- 1.9 26819 (10/POC-004356)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as intencións do Goberno galego referidas á reconsideración da súa actual posición de publicar o Plan forestal de Galicia sen contar coas



achegas do sector, das entidades sociais afectadas, dos sindicatos e dos partidos políticos, así como a súa opinión respecto da necesidade de debatelos e aprobalos finalmente no Parlamento de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión